Con referencia ao canón do Servizo de Xestión do punto limpo de Viveiro. Aquí o IPC foi negativo (-0,3). Estábase pagando un canon de 87.305,04 €. Anuais no ano pasado, e para este exercizo son **87.043,13 €**. E dicir.” **Hai unha baixada de 261,91 €. Ao ano, e 21,83 € ao mes.**

Finaliza a súa intervención facendo mención ao informe favorable dos servizos económicos que a solicitude coincide coa realidade e que se trae á súa aprobación, si procede.

Aberta a quenda de intervencións, intervén

D.Antonio José Bouza Rodil, voceiro do grupo municipal do P.P. quen despois de saudar ós presentes dí : que á apuntar o Sr.Fernández aos informes dos servizos económicos do Concello, e tendo en conta que hai unha rebaixa tanto no servizo do punto limpo coma da recollida de lixo, vamos votar a favor.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: Concello@viveiro.es
D.Bernardo José Fraga Lago, quen da comenzo a súa intervención saudando ós presentes e dí que por unha vez na vida se baixe o canon, como é habitual nestes casos, facemos unha consulta ao concelleiro de facenda de si vai haber unha subida aos vecinos ou non se vai a ter repercusión.Nós queremos que esta rebaixa se teña en consideración para que nun futuro no se suba aos contribuintes.

D. Marcos Besada Alvarez, de Son Viveiro, ven en saudar e dí: “Evidentemente nos alegramos de que estas taxas vaian para abaixo e que suponían un aforro para as arcas municipais pero, lonxe de pensar que se poida adoptar un novo modelo de xestión dos servizos de recollida de lixo, os cales xa se están tamén impondo noutros concellos como: os novos modelos de xestión de propia corporación de Lugo, que puxo ao servizo dos concellos un servizo de asesoramento con especialistas e expertos na empresa que propoñían facer un estudo con diferentes baremos para rebaixar esas taxas.

Nós, indica, congratulámonos de que se baixen esas taxas pero tamén de que podía ser maior a rebaixa e mirar si co tempo pódese contratar outro tipo de xestión de residuos donde o Concello aforre máis.

Seguidamente intervén D. Jesús Fernández Fernández para manifestar que respondendo á intervención do Sr.Concelleiro Fraga Galdo, ten que dicir que a rebaixa e practicamente pouca e pode ser pouco significativo nos recibos de cada contribuinte, pero como se dí, non se sube e os recibos terán que poñer o que hai.

Por outra banda, como dí o Concelleiro Sr.Besada Alvarez, para o ano que ven, que xa vence en novembro esta concesión que ten a empresa CESPAS.A.,pois poderase estudar outro novo modelo de xestión e escoitar todas as ofertas que se presenten.

Visto o Informe favorable dos Servizos Económicos, existente no expediente, que entre outros, dí: “ a revisión proposta po la compañía concesionaria para o ano, tanto para a xestión do servizo do punto limpo coma para a recollida de transportes de RSU e limpeza de espazos públicos, átense aos contratos en vigor.

Visto o Dictame favorable da Comisión de Economía

Non existindo máis debate, procédese á votación, acordándose, **por unanimidade**, con dezaseis votos a favor:

Primeiro.- A Aprobación dos novos cánones da Empresa concesionaria CESPAS.A. para o exercizo de 2016.

Segundo.-Que se día traslado do devandito acordo os Servizos Económicos e de Intervención para a súa tramitacións e notificación.

8.- MOCIÓN SON VIVEIRO PARA EFECTUAR OBRAS EN BEIRARRÚA

O Grupo Municipal de SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro Don Marcos Besada Álvarez, presenta para a súa inclusión na Orde do día do próximo Pleno do Concello de Viveiro a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: Concello@viveiro.es

No Pleno celebrado o 7 de xaneiro do 2016, esta corporación acordou realizar un estudo para a colocación dun paso peonal na Avda. Alfredo García Dóriga. Dado que xa trancorreron cinco meses desde a súa presentación, e o noso Grupo Municipal non recibiu contestación algunha ao respecto, consideramos necesario retomar a nosa proposta, mantendo a mesma ubicación.

A Avenida Alfredo García Dóriga conta con dous pasos peonís, un na súa confluencia coa Praza de Lugo, que a une coa Rúa Pastor Díaz, e outro na súa parte superior, entre a citada avenida e a Rúa Alonso Pérez.

Entre tales pasos, atópase un bloque de edificios illado, entre a Avenida Alfredo García Dóriga e a Praza de Lannion, non existindo un paso peonil que una a beirarrúa de enfrente coa citada edificación, sendo que nela están emprazados, ademais dos locais de tres organizacións sindicais, varios comercios, oficinas, o local social do “ Seminario de Estudos Terra de Viveiro ” amais de vivendas que teñen o seu acceso pola mencionada praza.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:


Efectuar un rebaixamento na marxe esquerda da beirarrúa, fronte ao xa existente na outra marxe e coincidindo aproximadamente co centro do devandito edificio, e proceder a pintar un paso peonil que facilite o acceso ás citadas instalacións cun mínimo de seguridade.

Intervén a Sra.Alcaldesa para dicir que consultado cos técnicos a co Xefe da Policía Local consideran factibles proceder ao rebaixamento na marxe esquerda da beirarrúa e un paso peonil que facilite o acceso, polo que o seu Grupo vai votar a favor desta moción.

Intervén o representante do P.P., D.Celestino V.García Paz para dicir que aínda que acostuman a rexirse polos informes dos técnicos, algunhas veces discrepan como é neste caso, xa que persoado na Avda.García Dóriga onde hai un paso de cebra que cruza na Porta da Vila e observase outro paso de cebra que cruza en Pastor Díaz, apenas hai uns metros entre ambos, polo que non ve a necesidade doutro paso de cebra, porque dun a outro non hai máis de 120 metros e poñer outro paso de cebra nesa rúa non é de necesidade encher de paso cebra as avenidas, polo que o noso grupo municipal vai votar en contra da moción.

Seguidamente, por D.Bernardo Fraga Galdo, Concelleiro non adscrito dícese, que as rúas, as avenidas con para os peóns e non para os vehículos e temos nesta Avda. García Dóriga un cruce importante e perigoso ata os xulgados e ata os edificios dos sindicatos e como partidarios do paso peonils e, nesete senso dentro do Casco histórico, as rúa teñen que ir nesas direccións como xa se tivo en conta na recente Avenida de Cervantes.

Intervén D.Marcos Besada Alvarez, concelleiro de Son Viveiro quén ven en manifestar que estamos a pensar nunha cidade humanizada e facilitar aos vecinos e viandantes a eliminación de barreiras e nesta Avda.non hai ningún tipo de rebaixa para os minusvalidos e si hai un centro de fisioterapia que non conta con un bó acceso



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: Concello@viveiro.es
directamente sinalizado e nós vimos e estamos a favor de que cada vez máis as rúas
señan máis cívicas.

Sometida a votación, arroxa o seguinte resultado:

Votos a favor. Doce (12) que resultan ser: oito(8) do PSdG-PSOE; tres (3) dos
concelleiros non adscritos e un(1) de Son Viveiro.

Votos en contra: catro (4)) que resultan ser dos concelleiros do P.P.

Abstencións: ningunha

O Pleno da Corporación, por maioría , con doce votos a favor. **ACORDA:**

Prestar aprobación á moción que presenta Son-Viviero de efectuar un rebaixamento na
marxe esquerda da beirarrúa, fronte ao xa existente na outra marxe e coincidindo
aproximadamente co centro do devandito edificio, e proceder a pintar un paso peonil
que facilite o acceso ás citadas instalacións cun mínimo de seguridade.

**9.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO PARA DESTINAR UNHA CANTIDADE MÍNIMA
PARA FACER FRONTE AOS GASTOS DE SINALIZACIÓN DE RUTAS, PARA A
LIMPEZA DO CONTORNO, DE INSTALACIÓNS DE CARTEIS E SINALIZACIÓN E
PARA FACERSE CARGO DA MESMA.**

O Grupo Municipal SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro Don Marcos Besada Álvarez,
presenta para a súa inclusión na Orde do día do próximo Pleno do Concello de Viveiro a
seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ó noso concello ten unhas catacterísticas ideais para a practica do senderismo, camiños case
marcados, montes ao carón da vila, espectaculares vistas, monumentos arqueolóxicos e rutas
que poden ter diferentes dificultades para todos os niveis, tamén é importante o turismo que
estas rutas poden crear.

Ademáis, dende uns anos na nosa localidade estamos a observar un incremento da afición ao
senderismo e os deportes de montaña, e temos que recoñecer que unhas das obrigas dos
concellos e promover o deporte amateur, con esto conseguiríamos uns montes e unha natureza
mellor conservada.

Por ende, temos alguna organización que pode colaborar a nivel teórico e o Concello só tería
que instalar a infraestrutura (os paneis e marcar as rutas).

O Concello de Viveiro debe promover a practica deste deporte, sinalizando varias rutas polo
noso concello, con diferentes niveis, tanto dun xeito virtual, coma físico, promocionándoas e
marcando os diferentes cruces, e con paneis tanto polo percorrido como por diferentes zonas de
localidade.

Por todo isto, SOLICITAMOS:



- Que destine una cantidade mínima para facer fronte aos gastos que poidan xurdir como paneis, estacas, e algún cambio na páxina web para poder promocionar as rutas.
- Realizar unha limpeza da contorna, das instalacións e dos carteis informativos dos camiños e a sinalización dos seus principais tramos.
- O Concello terá que facerse cargo da limpeza, mantemento e conservación destas sendas abertas para tales prácticas.-En Viveiro a 23 de maio de 2016.”

Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta ao Concelleiro de Son Viveiro Sr. Marcoas Besada, que xa o Concello de Viveiro e a Concellalía de Turismo están traballando por establecer máis rutas de senderismo dentro do termo municipal co fin de establecer a práctica do deporte e dende o Concello estamos a promocionar o turismo deportivo que está máis en auxe, e xa houbo varias reunións con empresas para que achegasen un proxecto baseado en estudos de sendeiros. Claro que todo require gasto, este proxecto é de custos elevados, e estamos por votar mán dos fondos propios que son escasos, e dos recursos humanos do concello para poder equipar diversas rutas.

Continúa dicindo que hai dous empregados municipais que están a facer estes traballos empregando horas fora da xornada laboral e inclusive traballando no seu tempo libre para levar a cabo a redacción de catro rutas de senderismo e tempo de lecer, co gallo de que esteñan listas a maior brevedade. Deste xeito, este Concello só ten que asumir o custo de sinalización e promoción. Tamén indico que xa o Concello dispón da sinalización e de paneis necesarios para a primeira destas catro rutas, e pouco a pouco, todos estes traballos rigurosos podan ser homologados ás rutas xa creadas...Aproveitar tamén debido á experiencia destes traballadores e organizar unha ruta de largo recorrido para realizar en unha ou dúas xornadas, facilitaránse folletos informativos e pasaran a exponerse nunha páxina web que se vai a crear, pero só dentro do ámbito turístico, aparte da xa existente no Concello de Viveiro...Ademáis quero tamén dicir que este Concello xa se puxo en contacto coas comunidades de montes veciñais, por onde atravesan unha das rutas en proxecto para o que solicitámoslles o seus apoio e a súa colaboración como comuneros coñecedores dos montes.

Para rematar digo que comparto o contido da Moción que presenta Son-Viveiro, pero o Grupo de Goberno vaise abster na votación polo simple feito de que, xa este Goberno municipal, e a Concellalía de turismo veñen traballando nese senso en establecer rutas de senderismo no termo municipal de Viveiro e tivemos que destinar xa unha cantidade para os proxectos que estamos a facer dende o Concello.

Seguidamente intervén D. Antonio José Bouza Rodil, quen dí que o seu Grupo municipal do P.P. do Concello está totalmente de acordo coa exposición dos motivos da moción que en representación de Son Viveiro defende o Concelleiro Sr.Marcos Besada Alvarez....pero e bó saber que xa se está a traballar nestas direccións por parte do equipo de Goberno. Nós estamos a ser un pouco máis escépticos e vamos a votar a favor desta moción. Ademáis, de feito, estes pensamentos todos os compartimos xa no noso programa electoral que ían rutas de senderismo e percorridos polo patrimonio histórico e cultural, e non pode vivir só de sol e praias, e aínda por enriba diso, as praias están como están...Polo tanto, e bó poder utilizar os nosos recursos histórico-artísticos e paisaxísticos, estamos a favor de fomentar o senderismo e fomentar a cultura. Sabemos que as persoas prefiren e se inclinan xa por un tipo de turismo que non sexa o tradicional, de sempre, senon outra maneira de actividade cultural e turística, e estamos de acordo totalmente coa moción.-Cómo dí a Señora Alcaldes os custos son os que son, pero lémbrome que o ano pasado plantexamos aquí o porqué de que non se pedira unha subvención que se publicaba para financiamento de recursos turísticos concretamente para espazos naturais, ata 50.000 Euros e podíase, incluso, chegar a acadar o 100 x 100 se o Concello reunía unha serie de requisitos..Desexamos que este plan chegue a bó porto e non coma o que solicitamos nós en xaneiro do ano 2015 que era só colocar uns carteis informativos nas Parroquias do termo



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: Concello@viveiro.es municipal e todavía non están colocados hoxe..Polo tanto, repito, que estamos a favor da moción en tódolos puntos e que se vai por esta liña de traballo..

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, quén dí que se congratula de que este proxecto se leve a bó término e engade que non só o grupo municipal do partido popular levou as rutas de senderismo, moitas delas xa se levaban no seu programa electoral, senón que todos os grupos levaban nos seus programas rutas de senderismo en Viveiro. Pero veño a preguntar á Sra. Alcadesa se esas catro rutas de senderismo son novas ou son das sete xa existentes. Dícese que son das sete xa existentes- Entón temos que falar xa de sete rutas turísticas de senderismo que xa están sinalizadas.., cómo: a ruta do monte Faro ou a ruta dos muíños.. e están coas sinais no inicio do sendeiro e no final. Continúa e dí que o problema que temos no senderismo é que non hai e non temos sinalizacións nin paneis unha vez que entras nas rutas, e as sinais pequenas como unhas flechas, que son de madeira, teñen que estar postas pero no nós hai, e iso, sin elas non se poden homologar as rutas..Nós, indica, estamos a favor da moción que está indicando o que a Sra. Alcadesa comunicou, e estamos cansos de que se digan cousas e despois non se leven a cabo.

Seguidamente intervén D. Marcos Besada Alvarez, concelleiro en representación de Son-Viveiro, e ven en dicir que considera as palabras do compañeiro Sr. Bernardo Fraga e que agradece o apoio a esta moción dos grupos políticos, a parte do traballo que se está a facer desde o Concello e a nosa labor e darlle voz á xente e ó pobo. Ademais congratulámonos de que os grupos políticos leven o asunto nos programas, entón é que se está a traballar nesta liña...e eu estou encantadísimo de sabelo de que se sigue tarballando nesa liña e escoitalo a viva voz.

Non existindo máis debate sobre o asunto procédese á votación, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor da moción, oito votos (8) que resultan ser: 4 de PP, 3 dos concelleiros non adscritos, e 1 voto de Son Viveiro.

Votos en contra, ningún.

Abstencións, oito abstencións (8) que resultan ser do Grupo municipal do Goberno.

Polo que o Pleno da Corporación, por maioría, acorda: **APROBAR** a Moción que presenta D. Marcos Besada Alvarez, en representación de Son-Viveiro para

- Que destine una cantidade mínima para facer fronte aos gastos que poidan xurdir como paneis, estacas, e algún cambio na páxina web para poder promocionar as rutas.
- Realizar unha limpeza da contorna, das instalacións e dos carteis informativos dos camiños e a sinalización dos seus principais tramos. Debendo o concello facerse cargo da limpeza, mantemento e conservación destas sendas abertas para tales prácticas.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcadesa da Corporación os seguintes **ROGOS** para o próximo Pleno, ó obxecto de que se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible:

1º) Algúns veciños de Magazos e outros viandantes fixéronos chegar, unha vez máis, as queixas sobre o mal estado no que se atopan as beirarrúas a ambos lados da estrada xeral LU-540, dende a curva de Xunqueira ata o Km 2 en Magazos. Aínda que se fixéron algunhas reparacións nelas a petición do noso grupo municipal, está claro que resultan insuficientes dadas as necesidades



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: Concello@viveiro.es existentes. Por este motivo lle **ROGAMOS** ó equipo do Goberno Local que mellore no posible estas beirarrúas, así como se teña en conta en futuras obras a prolongación das mesma a ambos lados da estrada, ata a **Rúa Nova**, xa que isto redundaría en beneficio dos veciños dos distintos barrios de Magazos, ó mesmo tempo que aumentaría a seguridade para todos os peatóns.

Pola Sra. Alcaldesa se lle resposta: Este Grupo de goberno, como non pode ser doutra maneira, Vela polas necesidade do Concello, pero o Grupo da oposición de maneira sistemática e continua critica as obras e non ten en conta as importantes inversións... Si a Xunta de Galicia, de maneira sistemática ignora as inversións para Viveiro.. Ahora, como vostede ben sabe, a Deputación fai inversións fortes no Concello, pero neste intre ten bloqueados os presupostos e isto conleva a que se bloqueen as concesións de subvencións no só para este concello senón para a Mariña. Continúa e dí., este Gobeno municipal ademáis de respetar o Plan de Axuste..ten no seu cometido as funcións e necesidades básicas dos cidadáns e ven facendo as inversións necesarias cando as circunstancias obrigan.

2º) Pistas, camiños e rúas de acceso a vivendas das distintas parroquias do noso Concello presentan abundante maleza e moitas delas con fochancas. Por outra banda algunhas pitas de competencia provincial tamén presentan abundante maleza a ambos lados das estradas, incluíndo as cunetas por donde discurre a auga da choiva. Por este motivos **ROGAMOS** ó Goberno Local que antes da chegada do verán se reparen e se desbroce a maleza das pistas que son de competencia local e se solicite á Diputación Provincial que acometa os traballos de desbroce e limpeza de cunetas das súas estradas dentro do noso Concello.

Pola Sra. Alcaldesa se lle resposta:

Hai uns días o tractor municipal ven acometendo o traballo de arranxo de moitas pistas, seguindo pautas establecidas polos festexos e outros acontecementos, últimamente está en Chavín, polas festas, tamén vai á Parroquia de San Pedro, e tamén na Parroquia de Galdo e

tense pensado que vaia a San Andres de Boimente. Referente a maquinaria da Deputación, como leva facendo ano tras ano, desbroza na primavera, na primeira quincena de xuño, para manter libre de maleza perante o verán, pero tamén pedimos nós, que na mesma maneira que se solicitan traballos da maquinaria da Deputación, se faga o mesmo ca Xunta de Galicia e que se faiga cargo, dunha vez, dos lindeiros e zonas que son da súa competencia, e que estamos limpando o Concello de Viveiro como pode ser o peirao de Viveiro que non arranxan as fochancas e está cheo delas.

Intervén o Concelleiro Sr. Celestino García Paz para dicir que o tema que comentou da Deputación ten a súa razón, pero veño en facer fincapé que a zona de Covas, a súa Parroquia está chea de maleza e non teño inconvinte en inviar á Sra. alcaldesa que veña a miña casa a tomar un café e que vexa a maleza que hai., polo que teremos que esperar ata o San Xoan para que se desbrocen as pistas e se corte a maleza.

Por alusións, a sra. alcaldesa cede o uso da palabra ao **Teniente de Alcalde, Don Jesús Antonio Fernández Cal, concelleiro de parques, xardíns e medio rural,** quen intervén para dicir: “Esta claro que a herba crece en todolos rincos do concello, polo que hai que ir organizando esa situación, pero non se pode estar en todolos sitios á vez...., Evidentemente e por iso ségues unhas pautas. Séguese unhas pautas no caso do tractor que vai a Chavín neste intre, pero cando sexan as festas do San Xoan, evidentemente, vaise ir ata Covas xa estará desbrozada e limpa para as festas. Continúa e dí tamén: -o que non pode estar o tractor é sete persoas do concello en todolos sitios á vez, e haberá que ir regularizando e planificando xa que en todos os



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: Concello@viveiro.es
sitios á vez non se pode limpar, pero que se está facendo o traballo, e que se está limpando, está claro e é evidente que se está limpando. Seguidamente dí que tamén se ve na obriga, xa que hai sitios que lle pertencen a limpeza á Xunta de Galicia, que lle compete a eles, pero que se está a adecentar polo concello e se está limpando todo o ano polo concello, como son nas zonas do ambulatorio ou nas inmediacións da casa do mar, etc,etc. todo o que corresponde á Xunta.

3º) Na rúa Grande de Celeiro a altura do nº 136 (Catro Camiños) atopamos o cruce desta rúa coa estrada LU-862 Viveiro-Ribadeo, cruce que está regulado por semáforo, pero onde o paso cebra se encontra sin pintar. Por este motivo lle **ROGAMOS** á Sra. Alcaldesa que se pinte dito paso cebra para a mellora da seguridade vial neste punto.

Pola Sra. Alcaldesa respóstaselle que se terá en conta este paso de cebra para cando pase o traballador que está pintando outros pasos peonis e se terá en conta esta necesidade, ó igual que tamén en outros puntos dos que xa temos coñecemento.

10º-a).-Pregunta.- D. Antonio J. Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación as seguintes preguntas sobre as que desexa obter no próximo Pleno, a correspondiente resposta, ben sexa oral ou por escrito.


“Entre os decretos que se achegaban ó Pleno do pasado 4 de maio de 2016, figuraban dous nos que se aboaban ó Inspector Principal da Policía Local de Viveiro **500 euros-** por cada mes- en concepto de gratificación polos servizos extraordinarios realizados en febreiro e marzo.

As razóns que xustificaban ditos pagos parecennos un pouco peregrinas, xa que entre outras aduciase a excesiva carga de traballo, cando si mal non recordamos tense nombrado por decreto da alcaldía e a petición do propio Inspector Principal un segundo coordinador – xa tiñamos un oficial en funcións – para que axude nas funcións de mando da policía, polo tanto non se entende moi ben este segundo nombramento e que o Inspector Principal siga tendo que supervisar todo e se teña que exceder no horario establecido. Somos conscientes de quen ten que supervisar é o Inspector Principal, pero por esa función xa cobra os complementos correspondientes na súa nómina habitual.

Falase da falta de policías, pero non se cubre ningunha das cinco vacantes existentes, a pesares que dende o noso grupo temolo solicitado en innumerables ocasións. Por si esto fora pouco, hai uns días esta alcaldía autorizaba a marcha en comisión de servizo ó veciño Concello de Foz dunha policía local da xa minguada plantilla do noso concello- tal e como nolo confirmaba o Alcalde deste Concello-. Da a impresión de que interesa que cada vez haxa menos policías para que así algúns se poidan beneficiar dun aumento significativo nas súas nóminas mensuais- cabe recordar aquí que o noso grupo xa denunciara noutras ocasións o abnultado cobro dos mandos policiaís por conceptos de noites, festivos e demáis que nalgúns casos superaban os seis mil euros semestrais-.

Sinalase así mesmo que **o Inspector Principal é o instructor dos procedimientos sancionadores relacionados coa Policía Local**, cando o noso grupo ten constatado que isto non é así, xa que **no asunto das abundantes multas que pon a Policía Local, figura como inestructura, en moitos destes expedientes , unha traballadora do Concello que nin siquiera é funcionaria...** tal e como establecen o Estatuto Básico do Empregado Público no seu artigo 9.3 e a Lei de Bases do Rexime Local no seu artigo 92.3.

O certo é que a outros traballadores se lles plantea a dificultade para levar a cabo unha equiparación dos seus salarios máis baixos nunha nova RPT decíndolles que non hai cartos, namentres que a outros se lles regalan alegremente estes suplementos e en todos os casos coincidindo con traballadores que xa teñen nóminas elevadas por pertencer aos grupos A e B.



Por todas estas razóns e polo que lle **PREGUNTAMOS** á Sra. Alcaldesa:

1. Cales son as funcións que teñen encomendadas os dous coordinadores adscritos ó mando da Policía Local?
2. Teñen pensado cubrir algunha vacante das existentes neste ano 2016?
3. Teñen pensado seguirlle pagando este suplemento de 500 euros ó Inspector Principal durante máis tempo?
4. Algún dos outros coordinadores adscritos o mando da Policía Local cobra complementos similares?
5. Si a resposta anterior é negativa, que tipo de remuneracións específicas teñen este coordinadores para as funcións que se lles encomendaron?.-En Viveiro a 27 de maio de 2016.

Pola Sra. Alcaldesa se lle resposta:

Como é norma polo Partido Popular primeiro presenta estas preguntas á prensa antes de presentalo no Pleno e desta mesma maneira tamén terei que contestalo punto por punto como vostedes fixeron e veño en dicir:

“O Ano pasado pola Xunta Local de Seguridade acordouse que Viveiro pola súa categoría de poboación non podía estar exenta de turnos de servizos para que a policía local non caera en algún tipo de omisión de competencias como é a seguridade vial e a esto se engadeu, por parte dos mandos da policía nacional, que os axentes en materia de tráfico non tiñan esta competencia, polo que se levou a asumir un servizo de veintecatro horas polo policía local. Como ao estar o Inspector ao mando da policía local aínda que haxa mandos intermedios, esta Alcaldía estableceu o horario de maña para que estivera disponible para atención cidadán nas oficinas, asesoramente en materia de tráfico, seguridade vial, para que o cidadán veña ao Concello e haxa un xefa da policía permanente. Desde esa decisión está totalas mañás e polas tardes acude a outros temas.

Nombráronse dous coordinadores, un como sustituto é accidental e outro se solicitou voluntarios para este cargo e houbo dúas solicitudes. O inspector Principal e os Coordinadores realizan as seguintes funcións: Realizan os turnos e establecen os servizos os demai policias, prestan apoio á policias no seu turno dado que , en varias ocasións, só hai un policía de servizo e éste ven como reforzo xa que un policía non é suficiente para a seguridade vial. Nos turnos de noite atendendo as chamadas do cidadán e perante o fin de semana están pendentes de forma rotativa dos servizos que teñen que realizar.

Fíxose unha reunión coa plantilla para convocar unha ou dúas prazas e a do oficial. Isto require unha tramitación e unos meses de práctiocas na Academia da Estrada.

Tamén é certo que unha das policias locais solicitó unha comisión de servizos e está no seu dereito, ademási ten un tema persoal e foi escoitada pola alcaldía pero loxicamente naide se opuxo e ían mirar como se turnavan para cubri-los servizos da policía que se foi en comisión de servizos ata que se cubran as prazas que se pretenden convocar.

Por outro lado, cobran o estipulado polos diferentes conceptos que veñen recollidos no artigo 76 o Acordo Marco dos Funcionarios deste Concello. No só cobran os mandos senon que cobran todos os policias según o acordo marco, por detidos, por noites, por accións xudiciais, etc. Como se sabe estase a estudar a RPT, estase elaborando xunto co Comité de Empresa e co asesoramento e apoio da Deputación de Lugo. Estamos a facer unha RPT e incorporando a aqueles traballadores que non estaban incluídos na relación de postos de traballo do concello



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: Concello@viveiro.es e estamos traballando e cumprindo os prazos.

10-b).-PREGUNTAS

D.Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas sobre as que desexa obter no próximo Pleno, a correspondente resposta, ben sexa oral ou por escrito.

1º) Sabido é o interese do noso grupo municipal polo estado dos inmobles en mal estado, incluso temos solicitado noutras ocasións o seguimento sobre o estado dalgúns inmobles que forman parte do espazo urbán como o casco histórico da nosa cidade, así como sobre o estado dalgúns vivendas da rúa Suasbarras dos nº 41-43 e 45 este último edificio o antigo hotel Cociña en Covas, vivendas que presentan un mal estado, o que preocupa os veciños xa que están o carón da beirarrúa e da estrada.

Por estas razóns lle **PREGUNTAMOS** á Sra. Alcaldesa:

- Estase a facer un seguimento por parte dos técnicos da oficina de rehabilitación do Casco Histórico, sobre o estado dos inmobles do espazo urbán, así como os citados da parroquia de Covas e incluso da parroquia de Celeiro que presentan un mal estado?
- Cantos inmobles do espazo urbán consideran os técnicos municipais que están en malas condicións?
- Nestes casos comunicouselles os seus donos a obrigabilidade de que procedan a súa reparación?

Pola Sra. Alcaldesa se lle resposta:

“resumen de las ordenes de ejecución decretadas en los últimos 4 años en el Concello de Viveiro. Desde el año 2013 se han tramitado desde el Departamentode Urbanismo un total de 321 ordenes de edificación sobre construcións, edificaciónes e parcelas que non cumpren con as condicións de seguridade, salubridade e ornato público, ben sexa por a caída de elementos de la envolvente edificación (pizarras, carpintería, vidrios, etc.) como por las precarias condicións higiénico-sanitarias que presentan. Estos expedientes se reparten de la siguiente manera:

AÑO 2013: 87 Expedientes de órdenes de ejecución, de los cuales 9 corresponden a inmuebles ubicados dentro del Casco Histórico. 45 Expedientes en zona urbana (Viveiro, Covas, Xunqueira..) y el resto en núcleo rural o rústico.

Este año se tramitó el expediente de Suasbarras 39/41/43 propiedad de construcións y saneamiento A Piuca S.L. a quién se le incoó una primeira multa de 300 euros por incumplimiento de la orden de ejecución decretada. No fue posible la comunicación de dicha multa, por lo que siguiendo con el procedimiento administrativo común se ha publicado en el BOE del 9 de mayo de 2016.

AÑO 2014: 77 expedientes de órdenes de ejecución de los cuales, 19 corresponden a inmuebles ubicados dentro del Casco Histórico, 13 en zona urbana (Viveiro, Covas, Xunqueira) y el resto en núcleo rural o rústico.

AÑO 2015: 138.- Expedientes de órdenes de ejecución de los cuales 19 corresponden a inmuebles ubicados dentro del Casco Histórico. 46 en zona urbana y el resto en núcleo rural o rústico. Este año se tramitó el expediente de Suasbarras 45/47/49 OE 107/2015 propiedad de Hrdos de Antonio Pérez Cociña a quién se le incóo una primeira multa de 300 euros notificada el



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: Concello@viveiro.es
20 de mayo de 2016 por incumplimiento de la orden de ejecución decretada por retirada de todos aquellos elementos de la envolvente de la edificación construcciones principal y anexa con riesgo de caída tales como pizarra, valoustradas, retirada y anulación de electricidad, saneamiento, colocación de canalones y bajantes, limpieza, pintura en fachada, etc.

AÑO 2016.-19 Expedientes de ordenes de ejecución, 4 de los cuales son dentro del Casco Histórico, 3 n zona urbana y el resto en núcleos rurales o rústicos.

Pregunta.-2ª.- No Templete situado nos xardíns Noriega Varela da nosa cidade a súa parte de abaixo era xestionada pola Rede Galega de Kioscos para venta de prensa, revistas, etc. A día de hoxe encontrase cerrada ó público desde finais do ano pasado, e o mesmo ocorre cos servizos públicos. Por este motivo lle **PREGUNTAMOS** á Sra. Alcaldesa:

- En que situación se encontra o Concello cos antigos arrendatarios deste local do templete despois de meses cerrado e sin actividade?
- Teñen pensado abrir ditos servizos públicos no período estival?
- En caso afirmativo en que meses e con que horario?

Pola Sra. Alcaldesa se lle resposta:

O Concello asinou un convenio coa Asociación COGAMI cos discapacitados que viñan explotando unha serie de quioscos e, entre eles, o do templete dos xardíns Noriega Varela, pero sabemos que no ano 2015 esta empres entrou no concurso de acreedores e estamos á espera de que resolvan.

Con respecto ao servizo do templete para abril o verán, como xa dixemos nun pleno anterior, o concello non dispón de persoal para telo aberto e veremos o que se pode facer na época estival.

O Grupo Municipal SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro Don Marcos Besada Álvarez, presenta a seguinte PREGUNTA para a súa inclusión na Orde do día do próximo Pleno do Concello de Viveiro en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pleno celebrado o día 26 de febreiro de 2015, en sesión extraordinaria e urxente, foi aprobada polos grupos municipais de PSOE e IVI a prórroga do contrato de recollida do lixo durante dous anos, ata decembro de 2017.

A aprobación de dita prórroga veu provocada pola falta de previsións dos distintos gobernos municipais que non foron quen de poñer a disposición da concesionaria uns terreos adecuados onde construír unha nave central dotada, polo menos, das seguintes zonas: aparcadoiro – lavadoiro, taller, almacén, oficina, aseos e vestiarios, cunha superficie mínima de quíntos cinco metros cadrados, tal e como establece no punto 7 o contrato asinado o día 26 de febreiro de 2000.

O 4 de decembro de 2005, un informe emitido por Intervención, con motivo da modificación do contrato do lixo, di:

“Según la documentación y consultas realizadas a personas que intervinieron en la tramitación del contrato original, entre las razones que fundamentaron la adjudicación de la concesión a INUSA se encontraba la construcción de la nave mencionada en el término municipal, sin especificarse que fuese en terrenos del Ayuntamiento. La cesión de este terreno, al menos debe suponer un menor canon que debe pagar el Ayuntamiento o el incremento o mejora de los servicios de la empresa sin un aumento proporcional del precio del contrato”.



O 23 de decembro de 2005, a empresa CESP, S.A comprométese a iniciar a construción da nave que figura na oferta, por importe de 120.202,42 €.

Por todo isto, realizamos as seguintes PREGUNTAS:

1. Existe informa xurídico que esclareza se é o Concello ou a concesionaria quen debe aportar o terreo onde se edifique a nave?
2. Cal é a parcela na que a empresa vai construír a mesma?
3. A canto ascende o custo da citada parcela?
4. Cal vai ser o valor de dita nave?
5. Hai algunha data fixada para a construción da nave por parte da empresa concesionaria?
6. Ten elaborado o goberno municipal algún estudo sobre a posibilidade de xestionar directa ou mancomunadamente os servizos públicos de recollida e transporte de residuos sólido urbanos e limpeza de espazos públicos no termo municipal de Viveiro a partir do 27 de decembro de 2017?

Pola Señora Alcaldesa se lle resposta

Existe unha reunión do responsable de CESP para construción dunha nave e nesa había técnicos de ambas partes.

Nesta reunión deuse por suposto que o Concello poñía os terreos e a nave sería incluída no inventario municipal. A parte esta construción duns 1.000 metros cuadrados sería no Parque Industrial de Landrove. A primeira cuestión que quedou clara foi que a día de hoxe se podería facer unha nave de douscentos(200) ou trescentos metros cuadrados. A empresa faríase cargo dos gastos e o Concello da parcela, e de momento, quedouse en facer outra reunión para saber cómo se vai realizar.

O Grupo Municipal SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro Don Marcos Besada Álvarez, presenta a seguinte PREGUNTA para a súa inclusión na Orde do día do próximo Pleno do Concello de Viveiro en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde o 12 de maio, persoal municipal vén ocupándose de recoller os currículos daquelas persoas que opten a prestar servizos no Resurrection Fest que os vindeiros 7, 8 e 9 de xullo celebrará en Viveiro a súa XI edición.

A colaboración entre o goberno municipal e a empresa privada que organiza o evento deber ser o máis estreita posible – dada a importancia que o festival ten para a nosa cidade -, pero sen chegar a exercer de oficina de colocación.

A mellor forma de apoiar estes eventos pasa polo aboamento do importe da entrada no despacho de billetes.

Anualmente, a empresa promotora do Resurrection Fest pon a disposición de alcaldía un número de entradas que son repartidas entre as persoas achegadas e simpatizantes e membros desta corporación, servindo para reforzar o poder do goberno municipal baseado nun uso indebido do seu cargo.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: Concello@viveiro.es
A rexeneración da política debe comezar pola administración máis próxima, entendendo que ningún concelleiro ou concelleira deber ter privilexios, e con maior motivo ao existir multitude de habitantes do noso municipio que carecen da oportunidade de acudir a este tipo de eventos por falta de medios económicos.

Por todo isto, realizamos as seguintes **PREGUNTAS**:

1. Cantas foron as entradas recibidas polo grupo de goberno e doadas pola organización do festival o ano pasado?
2. Cal foi o fin ao que se destinaron as mesmas?
3. Pensa nesta ocasión rexeitar as invitacións se se reitera a oferta de agasallos de pasas?

Pola Sra.Alcaldesa se ll respota:

Estou plenamente de acordo con vostede ao considerar que ningún membro da Corporación ten que ter privilexos con respecto aos vecinos .Isto é normal e é tamén a forma de proceder de este tipo de goberno cando de todos os eventos celebrados neste municipio corresponde a estes colaborando e como é de costume

Como todo, hai ocasións como Comisións de Festas,Colectivos, eventos cos que o Concello colabora ponendo os recursos humanos e económicos.

A organización do Resurrección Fest. Tamén conta coa colaboración do Concello desde o seus inicios, e se lles facilita os servizos loxísticos necesarios e tamén servizos de seguridade, destacamentos de tráfico, polo que a organización entrega alunha invitación para asistir ao festival a estas persoas que están colaborando con eles, e así tamén hai unha bonificación num 50% das entradas, cando dentro dun prazo, os interesados que esteñan empadroados en Viveiro interesen asistir.

Este festival forma parte do Concello de Viveiro, forma parte do seu programa de festexos e ten moita repercusión económica e turística. Da mesma maneira que se colabora co festival, da mesma maneira **da súa realización, hai tamén axente que desexa traballar no festival**. Polo que dende o Concello facilítase as solicitudes aos grupos de persoas que a organización contrata, e dende hai anos, todas as persoas que queiran participar dese proceso selectivo presenta os curriculumns na casa do concello que os recolle e entrega á organización.O concello colabora pero non selecciona nin contrata xa que non é unha oficina de colocación.

E non habendo máis asuntos de que tratar, pola sra.Alcaldesa levántase a sesión, cando son as vinteduas horas e trinta minutos do día con que se encabeza esta Acta extendéndose de todo o tratado a presente, do que como secretaria accidental,doy fe.

Vt e prace
A ALCALDESA

A SECRETARIA ACCTAL